

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 2 de agosto de 2007, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, en colaboración coa Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se anuncia a convocatoria de cursos e seminarios de formación e de intercambio de experiencias para o persoal técnico especializado, para os compoñentes dos equipos de normalización lingüística e para o profesorado en xeral dos centros de ensino non universitario públicos, privados e privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 3/1983, de normalización lingüística, encoméndalles ás autoridades educativas que tomen as medidas oportunas para promover o uso progresivo do galego no ensino, para que o alumnado do ensino non universitario vaia acabando os distintos ciclos cun dominio similar de galego e de castelán. O recente Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso do galego no sistema educativo, prevé, no artigo 3, o desenvolvemento dun plan de formación entre a consellería competente en materia de educación e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, que garanta que todo o persoal dos centros educativos de Galicia e dos servizos de apoio cuxo persoal dependa da consellería teña un coñecemento dos aspectos sociolingüísticos do idioma.

Ao abeiro do anterior, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, en colaboración coa Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, de acordo coas respectivas competencias en materia de formación e promoción da lingua galega e de formación do profesorado, organiza cursos, seminarios e actividades de formación e de intercambio de experiencias para o persoal técnico especializado, para os compoñentes dos equipos de normalización lingüística, para o profesorado en xeral dos centros de ensino non universitario públicos, privados e privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo isto, a secretaria xeral de Política Lingüística

RESOLVE:

Artigo 1º.-Obxecto.

Convocatoria de cursos, seminarios e actividades de formación e de intercambio de experiencias para as persoas responsables e para o persoal técnico especializado, para as persoas compoñentes dos equipos de normalización lingüística constituídos nos centros educativos non universitarios públicos, privados e

privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia, e para o profesorado en xeral dos centros educativos.

Para isto teranse en conta o número de solicitudes e as disponibilidades orzamentarias.

Artigo 2º.-Orzamento.

O gasto ocasionado pola realización destas actividades financiarase con cargo á partida orzamentaria 04.60.151 A.640.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, aprobados pola Lei 14/2006, do 28 de decembro. A contía máxima para este fin será de 100.000 euros.

Artigo 3º.-Cursos que se convocan:

3.1. Curso de especialización en planificación lingüística nos centros de ensino.

Prazas: 40.

Lugar de realización: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Santiago de Compostela.

Datas de realización: de setembro a decembro de 2007, os martes e xoves (24 sesións).

Horas: 120 (106 presenciais e 14 para traballos prácticos).

Destinatarios: persoal docente.

Requisitos: daráselle preferencia ás persoas que están a desenvolver os seguintes postos de traballo: 1. Coordinadores-dinamizadores/as territoriais dos equipos de normalización lingüística. 2. Xefes/as dos gabinetes provinciais de normalización. 3. Delegados/as provinciais da consellería de Educación e Ordenación Universitaria. 4. Persoal técnico da Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL) e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. 5. Asesores dos CFR. 6. Inspectores/as de educación. 7. Equipos directivos dos centros e, en xeral, todo o persoal técnico responsable de dinamización e planificación lingüística no ensino non universitario.

Módulos ou áreas temáticas:

-Lexislación lingüística.

-Sociolingüística e planificación lingüística.

-Programas de ensino plurilingüe.

-A planificación lingüística no ensino.

-A dinamización lingüística. Concepto de dinamización e papel do dinamizador ou dinamizadora.

-Os equipos de normalización lingüística dos centros de ensino.

-Obradoiro práctico.

O programa e datas concretas publicaranse nas webs www.xunta.es/linguagalega/ www.edu.xunta.es/fprof.

Prazo de presentación de solicitudes: ata o 7 de setembro de 2007 (inclusive).

3.2. II Seminario de dinamización lingüística no ensino.

Prazas: 50 por cada edición.

Edicións: 7, realizaranse nas localidades da Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Datas de realización: outubro e novembro de 2007.

Horario: mércores e xoves, das 18.00 ás 21.00 horas (6 sesións)

Destinatarios: persoal docente

Requisitos: daráselle preferencia ao persoal que está a desenvolver funcións de coordinadoras e coordinadores dos equipos de normalización e dinamización lingüística. Tamén poderá participar o profesorado en xeral dos centros de ensino non universitario públicos, privados e privados concertados de Galicia.

Módulos ou áreas temáticas:

Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso do galego no sistema educativo.

Guía práctica para a planificación lingüística nos centros de ensino.

Elaboración de modelos prácticos de proxectos e estratexias de dinamización lingüística.

Experiencias normalizadoras.

Prazo de presentación de solicitudes: ata o día 1 de outubro de 2007 (inclusive)

O programa e datas concretas publicaranse nas webs www.xunta.es/linguagalega/ e na web www.edu.xunta.es/fprof.

Artigo 4º.-Asistencia e recoñecemento.

1. A asistencia a todas as sesións nos cursos e seminarios será obrigatoria.

2. Ás persoas que participen nos cursos e seminarios outorgaráselles un certificado de asistencia.

3. Estes cursos e seminarios recoñeceránselle ao profesorado que os realice e os supere para os efectos de cómputo de sexenios.

Artigo 5º.-Profesorado que impartirá os cursos.

O profesorado que impartirá os cursos e seminarios nomearao a Secretaría Xeral de Política Lingüística, ao abeiro do disposto no artigo 200 do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, de contratos das administracións públicas, tendo en conta a súa solvencia técnica e científica para impartir as actividades referidas.

Cando se trate de persoal docente, teranse en conta os límites establecidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, e no Real decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, así como tamén no Decreto 165/1988, do 16 de xuño, polo que se declara de interese público a realización de cursos e actividades de formación de lingua galega. De ser o caso, este persoal acreditará mediante declaración responsable que cumpre os requisitos previstos nas disposicións anteriores.

Artigo 6º.-Solicitudes e resolución.

1. As inscricións faranse a través do portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: www.edu.xunta.es/fprof.

2. Tamén poderán presentarse, dentro do prazo establecido, utilizando o formulario que figura como modelo no anexo desta orde, no rexistro das delegacións provinciais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ou tramitaranse por calquera dos medios que recolle o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As persoas admitidas recibirán a comunicación a través do portal educativo antes citado.

De non recaer resolución expresa no prazo de seis meses, que se contarán desde a publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, as solicitudes entenderanse desestimadas. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor potestativamente recurso de reposición, segundo o previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, perante a Secretaría Xeral de Política Lingüística, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, ou ben recorrer directamente perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de 2 meses desde o día seguinte ao de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2007.

María Sol López Martínez
Secretaria xeral de Política Lingüística



PROCEDEMENTO SEMINARIOS, ENCONTROS PARA OS MEMBROS DOS EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E DE POTENCIACIÓN DO USO DO GALEGO E PARA O PROFESORADO EN XERAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR101B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

**SOLICITUDE DE ASISTENCIA A ACTIVIDADES DE FORMACIÓN
DATOS DO/DA SOLICITANTE**

NOME		DNI	
Nº DE RÉXISTRO DE PERSONAL		POSTO DE TRABALLO	
CENTRO DE DESTINO		DIRECCIÓN	
PROVINCIA		CONCELLO	
LOCALIDADE		CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO		TELEFAX	
CORREO ELECTRÓNICO		VINCULACIÓN CO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO	
<input type="checkbox"/> RESPONSABLE <input type="checkbox"/> COMPOÑENTE <input type="checkbox"/> NON PERTENCE		IMPARTE ENSINO EN: <input type="checkbox"/> PRIMARIA <input type="checkbox"/> SECUNDARIA	

SOLICITA ASISTIR Á/S SEGUINTE/S ACTIVIDADE/S:

- Curso de especialización en planificación lingüística nos centros de ensino. (Santiago de Compostela)
- II Seminario de dinamización lingüística no ensino, na localidade de:
 - A Coruña
 - Santiago de Compostela
 - Ferrol
 - Lugo
 - Ourense
 - Pontevedra
 - Vigo

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 2 de agosto de 2007, da Secretaría Xeral de Política Lingüística en colaboración coa Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se anuncia a convocatoria de cursos e seminarios de formación e intercambio de experiencias para o persoal técnico especializado, para os compoñentes dos equipos de normalización lingüística e para o profesorado en xeral dos centros de ensino non universitarios públicos, privados e privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME
SINATURA DO/DA SOLICITANTE Lugar e data _____ de _____ de 200	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA _____/_____/_____ DATA DE EFECTOS _____/_____/_____ DATA DE SAÍDA _____/_____/_____

Secretaría Xeral de Política Lingüística (Santiago de Compostela)

Resolución do 10 de agosto de 2007, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se convocan e se regulan distintos programas formativos e de fortalecemento dos vínculos sociais da Galicia emigrante coa Galicia territorial para residentes no exterior, durante o ano 2007.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece, no título preliminar, no seu artigo 7, o dereito das comunidades galegas de fóra de Galicia a colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo galego.

A Secretaría Xeral de Emigración, centro directivo que segundo o Decreto 231/2005, do 11 de agosto, depende funcionalmente da Presidencia da Xunta de Galicia e organicamente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é o órgano ao que lle corresponden as competencias en materia

de desenvolvemento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, e as relacións coas comunidades galegas no exterior, en virtude do disposto no Decreto 44/2006, do 2 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

A Secretaría Xeral de Emigración convoca uns programas formativos e culturais consistentes na realización de cursos de folclore tradicional e cociña galega, que contribúan ao coñecemento das nosas tradicións e a dinamizar a vida das entidades galegas no exterior e así mesmo a afondar na formación do seu capital humano, en especial da xuventude.

En virtude da desconcentración de competencias que me atribúe a disposición adicional segunda do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, pola que se establece a estrutura orgánica dos órganos superiores depen-